



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DA RIBEIRA
CURSO: 6º A
MATERIA: LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA,
MATEMÁTICAS, CIENCIAS NATURAIS E
CIENCIAS SOCIAIS.
MESTRES: MARÍA DEL MAR LORENZO NÚÑEZ,
ALBERTO PÉREZ AMENEIRO,
FRANCISCO JAVIER JUNCAL SOAGE.
DATA: MAIO DE 2020

ÍNDICE

1. **Introdución.**
2. **Áreas: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles das áreas. Actividades.**
 - 2.1. **Lingua castelá.**
 - 2.2. **Lingua galega.**
 - 2.3. **Matemáticas.**
 - 2.4. **Educación Artística: Plástica.**
 - 2.5. **Ciencias Naturais.**
 - 2.6. **Ciencias Sociais.**
3. **Avaliación (procedementos e instrumentos) e cualificación final.**
4. **Materiais e recursos.**
5. **Metodoloxía.**
6. **Información e publicidade.**

1. INTRODUCCIÓN:

Ante a situación extraordinaria creada pola alerta sanitaria debida ao COVID-19, realizamos a modificación da PD atendendo ao disposto en:

- Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática),
- Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de Educación e Formación Profesional),
- Instrucións de 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de la Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Xunta de Galicia).

Os cambios sobre a PD inicial aquí recollidos están orientados a un proceso de ensinanza non presencial, activo, equitativo e motivador para todo o alumnado, tendo en conta a realidade social específica deste centro educativo (capacidade familiar de apoio ao alumnado, equipos informáticos, conexión a internet, coñecementos informáticos...).

O traballo a desenvolver polo alumnado (de carácter voluntario e coa posibilidade de valoración unicamente positiva) será a realización de actividades de reforzo, recuperación e ampliación dos contidos tratados na aula ata a interrupción das clases presenciais.

2.-Áreas: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles das áreas. Actividades.

2.1.-LINGUA CASTELÁ (María del Mar Lorenzo Núñez)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Lingua Castelá.		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación.	Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección e escoita atentamente as intervencións dos compañeiros aplicando as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quedas participación....	CCL, CAA, CSC
Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos	Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.	CCL, CCA
Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos.	Reproduce comprensiblemente textos orais	CCL
Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	CCL
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade, utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos. Interpreta gráficas e fai aportacións a partir do título e as ilustracións.	CCL, CAA, CMCT
Resumir un texto lido destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	Elabora resumos de textos lidos e elabora esquemas a partir de textos expositivos	CCL, CAA
Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	Utiliza os medios informáticos para obter información.	CCL, CD, CAA
Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social, aplicando correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.	CCL, CD, CAA, CSC
Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Identifica as oracións como unidades de significado completo. Diferenza suxeito e predicado e os seus núcleos.	CCL
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario e as regras de ortografía.	Identifica as categorías gramaticais pola súa función na lingua e aplica correctamente as normas de acentuación e puntuación.	CCL
	Conxuga e usa os verbos.	CCL
Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.	Planifica e redacta textos seguindo uns pasos e valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	CCL, CAA, CSIEE
Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.	CCL, CD, CAA
Valorar e producir, a partir de modelos dados, textos literarios.	Recoñece, valora e crea textos literarios a partir de pautas ou modelos	CCL, CAA, CSIEE, CCEC

Actividades do 3º trimestre da área de lingua castelá

Desde a nosa aula estanse levando a cabo actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grado de adquisición das competencias clave tanto de forma escrita como online. A modo de exemplo:

- Actividades de recuperación: as actividades nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente. O alumnado que presenta maiores dificultades dispón de enlaces e actividades e son orientados a súa realización.
- Actividades de reforzo: afondan nos contidos traballados na aula para fixalos. Exemplos: comprensión lectora de distintos tipos de textos (lecturas, billete de avión...); comprensión oral a partir de audio; actividades de expresión escrita; ortografía...
- Actividades de repaso para afianzar os contidos traballados e mellorar as CC. Exemplo: enlaces a lecturas gratuítas e actividades online; escribir un conto a partir de imaxes; elaboración dun vídeo; resumos...
- Actividade de ampliación. Nas actividades citadas anteriormente inclúense tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados. Exemplo: traballar outros verbos.

2.2.-LINGUA GALEGA (María del Mar Lorenzo Núñez)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Lingua Galega.		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Comprender textos orais diversos interpretando as intencións explícitas.	Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, identificando o tema e elaborando un resumo.	CCL, CAA
Producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico e participar en situacións de intercambio oral respectando as normas.	Intervén e fai pequenas exposicións na aula expresándose cunha pronuncia e dicción correctas e respectando as diversas opinións.	CCL, CSC,CCEC, CSIEE, CAA
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados.	Comprende a información relevante de textos escritos en distintos soportes, diferenciando as ideas principais e secundarias para esquematizar e resumir.	CCL, CD, CSC, CAA
Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións.	Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións.	CCL, CAA, CSC, CSIEE,CMCT
Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía	Le textos en voz alta con ritmo, velocidade, fluidez e ton da voz adecuados.	CCL
Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos.	Selecciona textos e expresa opinións e valoracións sobre as lecturas.	CCL, CSC, CAA, CSIEE
Producir textos de diferente tipoloxía, en calquera soporte e coida a súa presentación.	Elabora, en diferentes soportes, textos propios coherentes e cohesivos, coidando a súa presentación.	CCL, CAA, CD
Elaborar textos, poemas e relatos con creatividade.	Elabora textos, poemas e relatos de maneira imaxinativa ou a parti de modelos dados.	CCL, CSC, CCEC, CAA,CSIEE
Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento da mesma e realización de presentacións.	Utiliza as TIC para localizar e seleccionar e organizar a información nun texto e emprega procesadores de textos e dicionarios dixitais.	CCL, CAA,CD CSIEE
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica.	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua e conxuga e usa con corrección as formas verbais.	CCL, CAA
	Identifica as oracións simples, distinguindo suxeito e predicado e os núcleos.	CCL CAA
Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais, as de acentuación e as de puntuación en particular e emprega conectores.	Aplica correctamente as normas de acentuación xerais, así como as normas ortográficas e os signos de puntuación , usando axeitadamente conectores.	CCL, CSC, CCEC, CAA
Coñecer as características relevantes da lingua galega, identificala e valorala dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	Identifica e valora a lingua galega en calquera contexto dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	CCL, CSC, CCEC
Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le obras e textos en galego da literatura infantil, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	CCL, CCEC, CD
Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e recurso de gozo persoal.	CCL, CSC, CCEC

Actividades do 3º trimestre da área de lingua galega (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Desde a nosa aula estanse levando a cabo actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grado de adquisición das competencias clave tanto de forma escrita como online. A modo de exemplo:

- **Actividades de recuperación:** as actividades nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente. O alumnado que presenta maiores dificultades dispón de enlaces e actividades con menor dificultade (Ex: caderno de actividades variadas, lecturas máis sinxelas...) e son orientados a súa realización.
- **Actividades de reforzo:** afondan nos contidos traballados na aula para fixalos. Exemplos: comprensión lectora de distintos tipos de textos (lecturas, carteis...); expresión escrita (foros, entrevista, estrofas); ortografía...
- **Actividades de repaso:** para afianzar os contidos traballados e mellorar as CC. Exemplo: enlaces a lecturas gratuítas e actividades online; resumos; esquemas; gravación dun audio; achega de información...
- **Actividade de ampliación.** Nas actividades citadas anteriormente inclúense tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados. Por exemplo na análise de oracións...

2.3.-MATEMÁTICAS (María del Mar Lorenzo Núñez)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Matemáticas.		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.	CMCT, CAA
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	Propón a resolución de retos e problemas con precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo.	CMCT, CAA,
Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos e utiliza ferramentas tecnolóxicas para cálculos.	CMCT, CAA CSIEE, CD
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números.	Le, escribe e ordena números, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición das cifras.	CMCT, CAA, CCL
Utilizar os números e interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.	CMCT
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará usando o máis adecuado.	Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10 e realiza operacións con números decimais.	CMCT
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números.	CMCT, CAA
	Calcula o mcm e o mcd.	CMCT
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións e reflexiona sobre o realizado.	CMCT,CAA CCL, CSIEE
Utilizar e operar con diferentes medidas.	Suma e resta medidas, dando o resultado na unidade determinada de antemán, sendo quen de convertelas e resolver problemas .	CMCT, CCL CAA
Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos.	Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares e de tempo.	CMCT CAA
Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos	Realiza e interpreta gráficos e calcula a media aritmética e a moda.	CMCT CAA

Actividades do 3º trimestre da área de matemáticas (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Desde a nosa aula estanse levando a cabo actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grado de adquisición das competencias clave tanto de forma escrita como online. A modo de exemplo:

- Actividades de recuperación: as actividades nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente. O alumnado que presenta maiores dificultades dispón de enlaces e actividades con menor dificultade (Ex: fichas máis sinxelas de divisións...) e son orientados a súa realización.
- Actividades de reforzo: afondan nos contidos traballados na aula para fixalos. Ex: enlaces a webs; visualización de vídeos, operacións básicas, cálculo escrito e mental, problemas...
- Actividades de repaso para afianzar os contidos traballados e mellorar as CC: fotografía matemática; recollida de datos das tarefas semanais e elaboración dunha gráfica; calcular os gastos de obras; problemas e actividades da vida cotiá...
- Actividades de ampliación. Nas actividades citadas anteriormente inclúense tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados. Exemplo: o cambio de unidades cadradas, dado que xa se introduciran na aula estas unidades.

2.4.-EDUCACIÓN ARTÍSTICA- PLÁSTICA (María del Mar Lorenzo Núñez)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da Área de Plástica.		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Formular opinións cun criterio estético que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas, apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	CCEC, CAA
Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes.	Realiza fotografías, analizando a adecuación do encadramento.	CCEC, CAA, CCL
Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración (copiar, pegar, modificar tamaño...) de imaxes dixitais que lle serven para a ilustración de textos.	CD, CSC
Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas nas súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	CCEC, CAA
	Experimenta con materiais e texturas gráficas.	
Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio	Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles.	CSC, CCEC
	Coñece algunha profesión do ámbito artístico.	CSC, CCEC
Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados.	CCEC, CAA
	Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	CSC, CCEC
	Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	CSC, CCEC
	Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.	CSC, CCEC, CAA
Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.	CCEC, CAA, CMCCT
	Emprega a regra e/ou o compás e as formas xeométricas nas súas producións.	CMCCT, CCEC, CSIEE

Actividades do 3º trimestre da área de plástica (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Estando levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grado de adquisición das competencias clave tanto de forma manipulativa como con medios tecnolóxicos. Algunhas actividades están inmersas nas outras áreas e outras especificadas na web. A modo de exemplo:

- Actividades de recuperación: as actividades nas que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes.
- Actividades de reforzo: afondan nos contidos traballados na aula para fixalos. Exemplo: realizar composicións con distintos materiais (ovo de Pascua, marcapáxinas...), realizar creacións con materiais de refugallo...
- Actividades de repaso para afianzar os contidos traballados e mellorar as CC. Exemplo fotografía matemática; creacións libres a partir da interpretación de textos ou datos...
- Actividades de ampliación. Nas actividades citadas anteriormente inclúense tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados.

2.5.-CIENCIAS NATURAIS (Alberto Pérez Ameneiro)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Ciencias Naturais.		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.	CMCCT, CD
Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA, CSC, CMCCT, CSIEE
Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	CMCCT, CCL, CAA, CSIEE
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	CMCCT
Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados, etc.	Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	CMCCT, CCL
Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.	CMCCT, CCL, CSC
	Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	CMCCT, CAA, CSC
Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	CMCCT, CCL
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	Identifica as características e clasifica os seres vivos: reino animal, reino das plantas, reino dos fungos, outros reinos.	CMCCT
	Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.	CMCCT, CCL

Actividades do 3º trimestre da área de Ciencias Naturais (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:

Actividades de repaso: pequenos traballos sobre os contidos tratados na aula cos que revisar e buscar información na web para confeccionar un atlas gráfico do corpo humano cos sistemas, órganos e funcionamento, unha maqueta dunha pranta coas súas partes e funcións, etc.

Actividades de reforzo: as mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos traballados na aula para fixalos.

Actividades de ampliación: nas actividades citadas anteriormente inclúense pequenas tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados.

Actividades de recuperación: os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.

2.6.-CIENCIAS SOCIAIS (Francisco Javier Juncal Soage)

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Ciencias Sociais		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Manifesta autonomía na planificación e execución	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA, CSIEE
Seguindo un modelo, define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan	Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan	CMCCT,, CCL
Recoñece as principais ríos e o clima de Europa. características do relevo,	Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.	CMCCT, CAA
Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen	Recoñece os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	CSC, CMCT
Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados	Recoñece as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	CMCCT , CSC, CAA, CCL
Explicar ,, seguindo un exemplo,as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo	Manifesta as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo	CSC , CMCCT , CAA, CCL
Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.	Define o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.	CSC , CMCCT, CAA , CCL

Actividades do 3º trimestre da área de ciencias sociais(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:

Actividades de repaso: pequenos traballos sobre os contidos tratados na aula cos que revisar e buscar información na web .

Actividades de reforzo: as mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos traballados na aula para fixalos.

Actividades de ampliación: nas actividades citadas anteriormente inclúense pequenas tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados.

Actividades de recuperación: os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.

3.-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN FINAL:

Avaliación (María del Mar Lorenzo Núñez)

Procedementos:

- Observación sistemática.
- Análise do traballo diario.
- Probas.

Instrumentos:

- Rexistro de observación persoal.
- Diario de aula.
- Portfolio e caderno.
- Actividades dos libros dixitais e outras actividades online.
- Actividades de síntese, de investigación e redacción.
- Items de avaliación en plataformas virtuais, orais e escritos.
- Rúbricas .

Avaliación (Alberto Pérez Ameneiro)

Procedementos:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Análise e valoración das tarefas propostas para realizar na casa de xeito non presencial.

Instrumentos:

- Libretas e traballos (escritos e online) do alumnado.
- Caderno de anotacións do profesorado.
- Probas escritas.
- Documentos dixitais (arquivos de texto, imaxes...) enviados polo alumnado coa realización das tarefas propostas polo profesorado

Avaliación (Francisco Javier Juncal Soage)

Procedementos:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Análise e valoración das tarefas propostas para realizar na casa de xeito non presencial.

Instrumentos:

- Libretas e traballos (escritos e online) do alumnado.
- Caderno de anotacións do profesorado.
- Probas escritas.
- Documentos dixitais (arquivos de texto, imaxes...) enviados polo alumnado coa realización das tarefas propostas polo profesorado.

Na cualificación final teranse en conta os resultados da primeira e segunda avaliación:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1. ^a avaliación	40%
2. ^a avaliación	50%
3. ^a avaliación	10%*
Cualificación total	

*Esta porcentaxe só será tida en conta positivamente. Valorarase especialmente a situación sociofamiliar polo equipo docente, para evitar a exclusión social dadas as características particulares do noso centro.

4.-MATERIAIS E RECURSOS:

MATERIAIS E RECURSOS

Puxemos a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende casa o traballo iniciado nas aulas. Para iso, as TIC, son un elemento fundamental nestes momentos, tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias, como para que poidan continuar traballando na casa.

Os recursos que estamos empregando son dixitais, mediante a páxina web do centro, a plataforma Edixgal, así como coa aplicación Abalar Móbil, contacto telefónico e por correo electrónico.

Os materiais imprescindibles para o alumnado son un ordenador (de ser posible os netbooks do proxecto E-Dixgal polos programas que teñen instalados) con conexión a internet e material escolar (libretas, folios, lapis, bolígrafos, cores, tesoiras...).

Os recursos didácticos están a disposición do alumnado na web (formato pdf) e/ou na plataforma E-Dixgal (xa que este é o seu segundo curso no proxecto). Empréganse os recursos ofertados polas distintas editoriais e materiais realizados con ferramentas de autor, engádense enlaces a recursos diversos de internet (vídeos, actividades online, libros de lectura...) e súbense tarefas. As actividades están organizadas en bloques temporalizados, contando neles:

- Cun foro para a resolución de dúbidas, o que permite (xunto co teléfono e correo electrónico) atallar as dificultades á maior brevidade posible e un feedback continuo.
- Cun documento explicativo das tarefas temporalizadas, para facilitar a comprensión das actividades propostas.

5. METODOLOXÍA.

Metodoloxía

Actualmente, estamos vivindo unha situación familiar, social e económica de emerxencia polo que a metodoloxía experimentou certos cambios.

A metodoloxía será flexible, activa, motivadora, dirixida ao logro dos obxectivos e das CC, baseándose na aprendizaxe significativa, procurando a atención á diversidade e a autonomía no proceso de aprendizaxe, e potenciándose o uso das novas tecnoloxías na súa dobre vertente de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento, e como medio e recurso de traballo.

Nesta situación é moi importante o traballo do profesorado en equipo e coordinado, para solventar todas as carencias que poida ter o alumnado, favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación e permitindo que realicen as actividades cos medios que teñan a súa disposición..

Para mellorar o traballo do alumnado o centro dotou de ordenadores a 27 familias de alumnos matriculados entre 1º e 4º de EP. Esta entrega realizouse o 11 de abril coa axuda de Protección Civil do concello do Porriño e aproveitando a súa presenza entregáronse 6 ordenadores E-dixgal que quedarán no centro. Tamén se entregaron libros de texto.

O concello do Porriño prestou (durante tres meses) 30 routers a familias que non tiñan conectividade a Internet. Esta entrega realizouse o 6 de maio coa presenza novamente de Protección Civil.

Contar co proxecto E-Dixgal e ter integradas as novas tecnoloxías na aula supón unha gran vantaxe xa que o alumnado esta afeito a traballar nunha plataforma dixital.

6.-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Desde o inicio do estado de alarma mantívose contacto frecuente coas familias e o alumnado a través de chamadas telefónicas (para resolver dúbidas, solicitar información sobre conectividade e dispoñibilidade de ordenador, orientar na ubicación das actividades...), a aplicación Abalar móbil , a plataforma E-Dixgal e correos electrónicos. Todos estes medios colgáronse na web do centro, nos documentos relativos as tarefas, e lembráronse vía telefónica.

Falase con moita frecuencia coas familias e co alumnado e o Equipo Directivo está atento e dispoñible desde o centro a todas as demandas que xorden.

As redes sociais (Facebook e Instagram) utilízanse para motivar á comunidade educativa ante esta situación e para manter contacto emocional.

	<p>Agora máis que nunca, resulta fundamental o contacto e o seguimento diario con toda a comunidade educativa. Para iso, empregamos diferentes recursos tecnolóxicos como Abalar Mobil, Edixgal, Webex, correo electrónico e chamadas telefónicas. O Equipo Directivo, o Claustro e os diferentes departamentos, equipos... (DO, EDLG, CCP...) manteñen reunións con moita frecuencia.</p>
Publicidade	<p>Ás tarefas propostas para os distintos cursos, polo departamento de orientación, nos obradoiros e aos concursos, dásele publicidade a través da web do centro.</p>